

3. CUANTIFICACIÓN DAS RESPOSTAS RECIBIDAS

En total recibimos respostas de 66 estudantes segundo a seguinte táboa:

| | Grupos 2 de persoas | Grupos de 3 persoas |
|----------------------|---------------------|---------------------|
| Grupos de primeiro A | 2 | 1 |
| Grupos de primeiro B | 1 | 1 |
| Grupos de primeiro C | 2 | 0 |
| Grupos de segundo A | 1 | 0 |
| Grupos de segundo B | 0 | 1 |
| Grupos de segundo C | 5 | 1 |
| Grupos de terceiro A | 0 | 1 |
| Grupos de terceiro B | 0 | 0 |
| Grupos de terceiro C | 1 | 2 |
| Grupos de cuarto A | 0 | 1 |
| Grupos de cuarto B | 0 | 1 |
| Grupos de cuarto C | 0 | 1 |
| Grupos de quinto A | 0 | 0 |
| Grupos de quinto B | 0 | 1 |
| Grupos de quinto C | 0 | 1 |
| Grupos de sexto A | 0 | 0 |
| Grupos de sexto B | 0 | 2 |
| Grupos de sexto C | 0 | 0 |
| TOTAIS | 12 | 14 |

É dicir, entregaron posíbeis solucións ao reto formulado un total de 66 nenas e nenos. Hai un caso que non puidemos situar porque non sinalou nin curso nin grupo e o alumno só puxo o seu nome propio como estudante 1 e “Papá” como estudante 2 (honrado si que foi).

4. PROPOSTAS GAÑADORAS DOS PREMIOS

Para a decisión da proposta gañadora, posto que hai un conflito de intereses ao ser pai dunha alumna participante no reto, solicitouse a colaboración desinteresada de Francisco Javier Fernández Fernández, profesor titular de universidade de análise matemática na Facultade de Matemáticas.

4.1. Primeiro e segundo curso. Recibimos un número importante de solucións, todas correctas, algunhas dunha soa persoa. Gustaríanos poder dar un premio a todos os nenos e nenas participantes, que fixeron un excelente traballo. Algúns grupos con adhesivos, outros con policubos, outros con respostas moi detalladas, incluso con fotografías, e outros grupos só con respostas concisas.

De entre todas as propostas presentadas, que insistimos deberan ter premio, destaca un equipo de primeiro B que baixo o alcume “RAICHU” estivo integrado por

- (1) Candela Rego Santos,
- (2) Mario Del Pino Peláez, e
- (3) Gael Polanco Mozo.

O noso recoñecemento para eles, e para todo o alumnado de primeiro e segundo curso que participou na resolución.

4.2. Terceiro e cuarto curso. Para o alumnado de terceiro e cuarto curso tivemos tamén un bó número de respostas. Nalgúns casos sinalan que non é posíbel resolver o reto, cando si se pode. Pero non hai que preocuparse. Alumnado de primeiro curso de enxeñaría ao pedirlle que comprobén o teorema de Gauss que relaciona a integral de superficie do fluxo do campo vectorial coa integral no sólido da diverxencia do campo chegan a dicir que “o teorema de Gauss é falso” cando obteñen resultados distintos nos dous termos da igualdade. O importante é tentalo e aprender que un erro pode conducir a novas ideas para explorar.

Neste caso temos dúas propostas que convén destacar, se ben todas merecerían un premio. O noso recoñecemento para todas as nenas e nenos que participaron e moi especialmente para os dous grupos merecedores de premio:

- (1) Os mat-temáticos, de terceiro C: Martín Calvo Carreira, Pablo Porto-Vilas Vázquez e Mariña Area Reza.
- (2) Os paxaros tolos, de cuarto curso: Lucas Castro Salgado, Carmen Nores Martínez, e Pablo Regueira Sánchez.

4.3. Quinto e sexto curso. O alumnado de quinto e sexto curso non chegou a unha resolución correcta do(s) reto(s) formulados. Porén, pensamos que a solución achegada por un dos grupos é moi interesante e merecedora de distinción entre as propostas recibidas, todas elas merecedoras do recoñecemento por tentalo.

O grupo non presentou alcume, e está integrado por Sabela de Arcos Arias, Antón Calviño Franco e Julio Boulosa Rodríguez.

4.4. **Comentario final.** Quixeramos animar a todas as nenas e nenos que participaron a que sigan traballando así de ben, esforzándose por entender e tentar resolver un problema que tiña distintas dificultades e que si tiña solución(s) a todas as preguntas formuladas.